

CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA



SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2020-2021

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN

2.-SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DO ALUMNADO DO NOSO CENTRO.

3.-EDUCACIÓN ORIENTADA A DESENVOLVER AS COMPETENCIAS CLAVE.

4.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

5.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE °APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

5.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

5.2. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN

5.3-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS EXISTENTES PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE:

5.4- CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

5.5. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

5.6-PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

6.- COMPETENCIAS CLAVE.

6.1 .-O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

6.2.-A AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

7.- METODOLOXÍA.

7.1. METODOLOXÍA

7.2. TEMPORALIZACIÓN

8.- OBXECTIVOS XERAIS DE E.P.

9.-ÁREA DE MATEMÁTICAS.

9.1.-CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

9.2.-PERFIL COMPETENCIAL

9.3.-NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES.

9.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

10.- ÁREAS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ.

10.1.- CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

10.2. -PERFIL COMPETENCIAL

10.3.- NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES.

10.4- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

11.- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E DA NATUREZA.

11.1.-CIENCIAS DA NATUREZA.

11.1.1.- CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

11.1.2.- PERFIL COMPETENCIAL.

11.2.-CIENCIAS SOCIAIS.

11.2.1.-CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

11.2.2.- PERFIL COMPETENCIAL.

11.3.- NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES.

11.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

12.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

12.1.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE E.F. AO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

12.1.1.- DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS.

12.1.2.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS.

12.2.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE E.F.

12.3.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

12.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE E.F.

12.5- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

12.6.- MÍNIMOS ESIXIBLES DA ÁREA DE E.F.

12.8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A EMPREGAR NA ÁREA DE E.F.

13.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

13.1.- MÚSICA.

13.2.- EDUCACIÓN PLÁSTICA.

13.2.1.- CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

13.3.- NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES NA ÁREA DE E. ARTÍSTICA.

13.4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A EMPREGAR NA ÁREA DE E. ARTÍSTICA.

14.- LINGUA ESTRANXEIRA.

14.1.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE L. ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS.

14.2.- OBXECTIVOS.

14.3.- OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO NA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

14.4.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DE LINGUA ESTRANXEIRA.

14.5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

14.6.- NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES NA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

14.7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS PARA A ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

15.- VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

15.1.- CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

15.2.- PERFIL COMPETENCIAL

15.3.- MÍNIMOS ESIXIBLES.

15.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

16.- RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

17.- ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR.

18.- AS TIC NO NOSO CENTRO.

19.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

20.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

21 .- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

22.-PLAN DE CONTINXENCIA.

1.- INTRODUCCIÓN

O novo marco lexislativo, marca as bases para que os equipos docentes adecúen as súas programacións a realidade socio-cultural do seu centro, resultando, desta forma máis axustadas a cada realidade concreta. O noso equipo docente de SEGUNDO CURSO, coa axuda do decreto sobre o currículo de Educación Primaria e a consulta sobre bibliografía relacionada coas programacións docentes e as competencias, en diversas reunións de Nivel, debatimos a nosa concreción curricular e froito deste debate resulta o documento que a continuación se desenvolve.

2.-SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DO ALUMNADO DO NOSO CENTRO.

Esta concreción curricular foi pensada para o noso centro, no que o alumnado que asiste a el, pertence a un nivel socio-económico medio, aínda que unha pequena parte pertence a un medio social máis deprimido.

Unha porcentaxe non moi significativa da poboación adícase a actividades relacionadas co mar e a agricultura, aínda que esta porcentaxe non ten apenas relevancia. A maior parte da poboación adícase ó sector terciario e traballo en pequenas e medianas empresas, moitas delas situadas nos polígonos industriais da área metropolitana.

Tamén hai unha porcentaxe de alumnado procedente de outros países. Factor importante a ter en conta para programar unha educación intercultural que dé resposta ás necesidades e intereses de todo o alumnado.

3.-EDUCACIÓN ORIENTADA A DESENVOLVER AS COMPETENCIAS CLAVE

Esta concreción curricular está dirixida a desenvolver as competencias clave definidas polo novo marco lexislativo, xa que adquisición das competencias permite:

- A realización persoal.
- O exercicio da cidadanía activa.
- A incorporación á vida adulta de xeito satisfactorio.
- O desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

En cada área descríbese o modo en que contribúe ao desenvolvemento das competencias.

4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este principio recollido na LOMCE, fai referencia a unha educación inclusiva que recoñeza a diversidade do alumnado. Para levar a cabo este principio, nos basearemos nun modelo de escola inclusiva, na que se recoñeza a heteroxeneidade como un factor enriquecedor e evitar que as diferenzas existentes se convertan en desigualdades e desvantaxes do alumnado.

O noso centro escolariza a unha porcentaxe considerable de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo. Este feito fai que nesta concreción curricular poñamos especial énfase na atención á diversidade para garantir o axeitado desenvolvemento de todo o alumnado en función das súas necesidades educativas e fórmulase tendo en conta que:

- A diversidade é unha característica de todo o alumnado e non só dos que presentan dificultades ou discapacidade.
- Todos os alumnos e alumnas necesitan axudas pedagóxicas ao longo da súa

escolarización, ben sexa de tipo persoal ou material. O factor que marca as diferenzas será o tipo e grao de axudas precisas.

Algunhas das **medidas adoptadas**, polo tanto, serán:

- Establecer mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares.
- Realizar adaptacións significativas que faciliten a adquisición das competencias clave.
- Dotar dos recursos materiais necesarios para apoiar a aprendizaxe.
- Facilitar instrumentos de avaliación adaptados ás posibilidades do alumno ou alumna para valorar o desenvolvemento e adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Nesta Concreción Curricular contemplamos o tratamento da diversidade do alumnado atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada alumna ou alumno na aula.

Partimos dunha concepción global coa que tentamos orientar a nosa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre as alumnas e os alumnos.

Contemplamos un conxunto de Actividades de Reforzo e de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para poder desenvolver diferentes estratexias de ensinanza e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias clave, estándares e obxectivos da etapa.

5.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS

A avaliación concebímola da seguinte maneira:

- Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Realizarémola en tres fases:
 - Avaliación inicial*. Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

5.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase preferentemente durante a primeira semana do mes de outubro.

Aplicaranse probas escritas para avaliar as sete competencias clave. Os resultados desta avaliación inicial reflectiranse no apartado destinado a tal fin na aplicación XADE, así como no caderniño de cada profesor.

Os instrumentos para a realización de dita avaliación son os que seguen:

_Probas obxectivas escritas

-*Avaliación formativa*. Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.

-*Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

5.2-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS EXISTENTES PARA AVALIAR O PROCESO DE APRENDIZAXE:

- Probas de avaliación inicial para indagar nos coñecementos previos.
- Probas de control (orais e/ou escritas). Periodicidade aproximada mensual.
- Realización do traballo na clase: orde, limpeza,..
- Valoración de actitudes na aula: participación, interés, actitude, atención,..

.Observación sistemática:

- Rexistro anecdótico persoal.

5.3.-CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

ASPECTOS A VALORAR EN CCNN E CCSS	PORCENTAXE
Probas obxectivas	30%
Traballo diario na aula	50%
Actitude fronte ao traballo	10%
Autonomía no traballo	10%

ASPECTOS A VALORAR NO RESTO DAS MATERIAS	PORCENTAXE
Traballo diario na aula	60%
Actitude fronte ao traballo	10%
Autonomía no traballo	10%
Probas obxectivas	20%

5.4.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Ao longo do curso o profesor/a prestará especial atención o alumnado que non ten a área superada, facendo fincapé nos contidos nos que ten máis dificultades. Para iso empregará materiais de reforzo que resulten innovadores e motivadores en cada trimestre.

No caso dunha **avaliación suspensa**, realizarase un seguimento máis individualizado e continuarase reforzando a través de traballos complementarios ou de reforzo ao longo do seguinte trimestre.

5.5- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Algúns dos aspectos aos que atenderemos son os seguintes:

- Organización e coordinación do equipo. Distinción de responsabilidades.
- Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores. Para levar va cabo este proceso realizaremos:

Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

5.6-PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Ao remate do curso se certificará a promoción de nivel, unha vez alcanzado o desenvolvemento das competencias clave e o axeitado grao de madurez. Destinaranse os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas.

Se o alumno/a é avaliado negativamente en 3 áreas, sendo 2 delas instrumentais (Lengua, Lingua ou Matemáticas) non promocionará ao seguinte nivel. Así mesmo se é avaliado negativamente en máis de 3 áreas calesquera, o equipo docente decidirá a promoción do mesmo, tendo en especial consideración o criterio do titor/a, como se recolle no artigo 6 da Orde que regula a avaliación e promoción do alumnado de primaria.

6.- COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son as aprendizaxes conceptuais e procedementais que debe ter desenvolvidas o alumno e a alumna ao rematar o ensino obrigatorio para lograr a súa realización persoal, exercer unha cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. No marco da proposta realizada pola Unión Europea establécense oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e las formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Tamén é a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

3. Competencia dixital

Consiste en dispor de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse.

4. Competencias sociais e cívicas

Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Integra coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das escollas e decisións adoptadas.

5. Conciencia e expresións culturais

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións

culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

6. Competencia para aprender a aprender

Consiste en dispor de habilidades para se iniciar na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia refírese á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

6.1 .-O desenvolvemento das competencias clave

O traballo nas áreas e materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais:

- A organización e o funcionamento dos centros e a participación do alumnado.
- As normas de réxime interno.
- O emprego de determinadas metodoloxías e recursos didácticos.
- A acción titorial permanente.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares.

6.2.-A avaliación das competencias clave

A avaliación das competencias realizarase a través de:

- O desenvolvemento dos contidos da área.
- O recoñecemento da propia competencia.
- O nivel de desempeño alcanzado en cada unha das competencias:

- *O dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos*

Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións; darlle coherencia e cohesión ao discurso; gozar escoitando, dialogando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

- *O emprego espontáneo de razoamentos matemáticos*

Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e pór en práctica procesos de razoamento que leven á solución dos problemas, á obtención de información ou á toma de decisións.

- *O emprego responsable do medio e dos recursos naturais*

Ser consciente da influencia que ten a presenza humana no espazo e das modificacións que introducen, adoptando unha actitude crítica na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.

- *A autonomía e eficacia no tratamento crítico da información*

Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para organizar e procesar a información, e resolver problemas reais de modo eficiente, mostrando unha actitude crítica e reflexiva.

- *A participación social e valoración da democracia*

Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía, valorando as diferenzas e recoñecendo a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

- *A capacidade de expresarse artisticamente e gozar con iso*

Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para realizar creacións propias; coñecer as distintas manifestacións culturais e artísticas; e interesarse pola conservación do patrimonio.

- *O control das propias capacidades de aprendizaxe*

Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender; coñecer as propias potencialidades e carencias, tirando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas.

- *A capacidade de elixir e sacar adiante proxectos individuais ou colectivos*

Marcarse obxectivos, planificar, manter a motivación, tomar decisións, actuar, autoavaliarse, tirar conclusións, aprender dos erros, valorar as posibilidades de mellora, etc.

7.-METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN

7.1. Metodoloxía

Teremos en conta os seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por eles.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, coa fin de que resulten motivadoras.

- Ó principio de cada actividade, estableceráse un breve diálogo para detectar os coñecementos previos do alumnado, asegurándonos que posúen os requisitos básicos para poder abordar a nova aprendizaxe.

- Partirase dunha lectura que serve para motivar e promover o proceso lector. A súa está relacionada co centro de interese da unidade e contextualiza algúns dos seus contidos.

- Todo contido novo irá acompañado dos enlaces necesarios para que o alumnado conecte a outros xa adquiridos, de maneira que a aprendizaxe sexa significativa.

- A intervención será globalizada, activa, crítica e constructiva.

- Proporcionar situacións de aprendizaxe partindo das experiencias vivencias do alumnado e tendo en conta os seus intereses coa fin de que resulten motivadoras.

- Educar en valores, presentando actividades ou situacións que conduzan á adopción de actitudes positivas e responsables.

- Atender á diversidade do alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

- A avaliación concíbese de xeito global, analizando todos os aspectos do proceso educativo e presentarse en cada trimestre coma un proceso continuo, xa que é imprescindible coñecer o nivel acadado polo alumnado.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente,

capaces de **aprender de forma autónoma**.

MATERIAIS E RECURSOS QUE PODEMOS USAR:

Espazos físicos:

Pechados (aula, sala de informática, ximnasio, pavillon, corredores..)

Abertos : patio de primaria,campo de futbol,charca...)

Materiais: Pizarra dixital. Utilizaremos as TIC como fontes informativas(internet, enciclopedias e dictionarios dixitais, webquest...

Material para plática:rotuladores ,lapis de cores,punzóns,ceras,acuarelas,tesoiras,pegamentos,plastilina

Material manipulativo de matemáticas:escarvadores,táboa do 100,cinta métrica,tangram,reloxos,moedas e billetes,bloques multibase.

Exploración do espazo inmediato e do entorno da vida cotiá.

Recursos da biblioteca (do centro e da localidade).

7.2 Temporalización

CIENCIAS DA NATUREZA:

1º Trimestre:

- Bloque 1 (Iniciación á actividade científica)

- Bloque 2 (O ser humano e a súde)

2º Trimestre:

-Bloque 1(Iniciación á actividade científica)

-Bloque3 (Os seres vivos)

3º Trimestre:

-Bloque 1(Iniciación á actividade científica)

-Bloque 4 (Materia e enerxía)

-Bloque 5 (A tecnoloxía, obxectos e máquinas)

CIENCIAS SOCIAIS

1º Trimestre:

-Bloque 1 (Contidos comúns)

-Bloque 3 (Vivir en sociedade)

2º Trimestre:

- Bloque 1 (Contidos comúns)
- Bloque 2 (O mundo que nos rodea)

3º Trimestre:

- Bloque 1 (Contidos comúns)
- Bloque 4 (As pegadas do tempo)

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)
- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 5(Educación Literaria)

2º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)
- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 5(Educación Literaria)

3º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)
- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 4 (Coñecemento da Lingua)
- Bloque 5(Educación Literaria)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)

- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 5(Educación Literaria)

2º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)
- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 5(Educación Literaria)

3º Trimestre:

- Bloque 1(Comunicación oral. Falar e escoitar)
- Bloque 2 (Comunicación escrita. Ler)
- Bloque 3 (Comunicación escrita. Escribir)
- Bloque 4 (Coñecemento da Lingua)
- Bloque 5(Educación Literaria)

MATEMÁTICAS

1º Trimestre:

- Bloque1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas)
- Bloque 2 (Números)
- Bloque 3 (Medida)
- Bloque 4 (Xeometría)
- Bloque 5 (Estadística e probabilidade)

2º Trimestre:

- Bloque1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas)
- Bloque 2 (Números)
- Bloque 3 (Medida)
- Bloque 4 (Xeometría)

- Bloque 5 (Estadística e probabilidade)

3º Trimestre:

- Bloque 1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas)

- Bloque 2 (Números)

- Bloque 3 (Medida)

- Bloque 4 (Xeometría)

- Bloque 5 (Estadística e probabilidade)

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

1º Trimestre:

- Bloque 1 (A identidade e a dignidade da persona)

- Bloque 2 (A comprensión e o respecto nas relacións interpersonais)

- Bloque 3 (A convivencia e os valores sociais)

2º Trimestre:

- Bloque 1 (A identidade e a dignidade da persona)

- Bloque 2 (A comprensión e o respecto nas relacións interpersonais)

- Bloque 3 (A convivencia e os valores sociais)

3º Trimestre:

- Bloque 1 (A identidade e a dignidade da persona)

- Bloque 2 (A comprensión e o respecto nas relacións interpersonais)

- Bloque 3 (A convivencia e os valores sociais)

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

1º Trimestre:

- Bloque 1 (Educación audiovisual)

- Bloque 2 (Expresión artística)

2º Trimestre:

- Bloque 1 (Educación audiovisual)

- Bloque 2 (Expresión artística)

3º Trimestre:

- Bloque 1 (Educación audiovisual)

- Bloque 2 (Expresión artística)

Estes bloques serán susceptibles de variación en función das necesidades e motivacións do grupo-aula e da previsión temporal acorde a cada trimestre.

Poderá ser susceptible de variación xa que deberanse relacionar as conmemoracións obrigatorias de cada trimestre con aqueles estándares que estean directamente relacionados coas mesmas.

Todas estas apreciacións así como as actividades complementarias que poidan xurdir ao longo do curso, serán tidas en conta á hora de levar a cabo a programación diaria de aula e a posible variación temporal dos estándares.

8.- OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparase para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da

comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

9.- ÁREA DE MATEMÁTICAS

9.1.-Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis

A continuación, pasamos a ubicar los elementos curriculares nunha táboa para poder establecer unha relación visual entre eles.

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación prantexada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotidiana e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

BLOQUE 2: NÚMEROS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
<p>B2.1. Números naturais ata o 999.</p> <p>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 999.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p> <p>B2.7. Redondear, aproximar e estimar.</p> <p>B2.8. Construción de series ascendentes e descendentes.</p>	<p>B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.</p>	<p>MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.</p> <p>MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</p> <p>MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes</p>
<p>2.9. Números pares e impares.</p> <p>B2.10. Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.11. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B.2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</p> <p>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.</p> <p>MTB2.2.3. Descompone y compone números naturais, interpretando el valor de posición de cada una de sus cifras.</p> <p>MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.</p>

<p>B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>B2.13. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>B2.14. Cálculo de sumas e restas con levadas.</p> <p>B2.15. Propiedades conmutativa e asociativa da suma.</p> <p>B2.16. Proba da resta.</p> <p>B2.17. Cálculo de multiplicacións.</p> <p>B2.18. Construción das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...</p> <p>B2.19. Termos da suma, resta e multiplicación.</p> <p>B2.20. Utilización en situacións familiares da sumas, restas e multiplicacións.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedimentos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.</p>
<p>B2.21. Resolución de problemas de la vida cotidiana.</p>	<p>.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p> <p>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>

BLOQUE 3: MEDIDA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.	B.3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo. B3.3. Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.	B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.1.2 Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
B3.4. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.5. Realización de medicións.	B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidades.
B.3.6 Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.7. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.	B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) . MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.

<p>B3.8. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.</p> <p>B3.9. Manexo de prezos de artigos cotiáns .</p> <p>B3.10. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>	<p>B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p>
<p>B3.11. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p> <p>MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>

BLOQUE 4: XEOMETRÍA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
<p>B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas.</p> <p>B4.2. Eixes de simetría.</p>	<p>B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.</p>	<p>MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.</p>
<p>B4.3. Identificación comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.</p> <p>B4.4. Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno.</p> <p>B4.5. Elementos xeométricos básicos: lado, vértice e ángulo.</p>	<p>B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.</p>	<p>MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.</p>
<p>B4.6. Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide,</p>	<p>B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.</p>	<p>MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.</p>

cono, cilindro e esfera. B4.7. Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.		
B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos. B4.9. Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios.	B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.
B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas.	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
B5.1. Interpretación de diferentes gráficos: de barras, de barras dobres, de pictogramas e estadísticas. B5.2. Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos.	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.
		MTB5.1.2. Resuelve problemas contextuais en los que interviene la lectura de gráficos. MTB5.1.2. Resuelve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.

B5.3. Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade.	B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible.	MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible
---	---	--

9.2.-Perfil competencial

No seguinte recadro, podemos comprobar que competencias están vinculadas a cada un dos estándares do currículo, polo que facilmente poderíamos cualificar cada unha delas de forma absolutamente independente.

Separadas por bloques de contidos, en cada un dos ciclos aparecen como filas os estándares e, como columnas, cada unha das 7 competencias. Márcase con (x), cando a competencia sinalada está implícita nese estándar.

Nomenclatura:

- CCL: Competencia en comunicación lingüística
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CAA: Competencia para aprender a aprender
- CD: Competencia dixital
- CCEC: Conciencia e expresión culturais
- CMCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CSIE: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIE
MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	X					X	
MTB1.2.1. Desenvolve e mostra actitudes idóneas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno en calquer aspecto a traballar na área de Matemáticas.			X			X	
MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.			X	X		X	
TOTAL	1		2	1		3	

BLOQUE 2: NÚMEROS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIE
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	X					X	
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.			X			X	
MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.			X			X	
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.						X	
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	X		X			X	
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.						X	
MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.						X	
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.			X			X	
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.			X			X	
MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.			X			X	
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.			X			X	

MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.			X			X	X
TOTAL	2		8			12	1

BLOQUE 3: MEDIDA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIE
MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.						X	
MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.						X	
MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.						X	
MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos).						X	
MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.			X			X	
MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.		X	X			X	
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.			X			X	
MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados .			X			X	X
TOTAL		1	4			8	1

BLOQUE 4: XEOMETRÍA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIE
MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.						X	
MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.			X			X	
MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.			X			X	
MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.			X			X	

MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.			X			X	
MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.			X			X	X
TOTAL			5			6	1

BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIE
MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas .			X			X	
MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.			X			X	
MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.			X			X	
TOTAL			3			3	

9.3. -NIVEIS MÍNIMOS ESIXIBLES

MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	
MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida	
MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	
MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.	

9.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A EMPREGAR

Para esta área consideramos como recursos máis axeitados :

- Material manipulativo:regletas,ábacos,táboa do 100,bloques multibase,escarvantes,cintas métricas, balanzas, moedas e billetes,tangram,bloques lóxicos.reloxos,reglas...
- Debuxos, fotografías, películas, carteis, videos.
- Pizarra dixital
- Utilizaremos as TIC como fontes informativas(internet, enciclopedias e dictionarios dixitais, webquest...)
- Libro de texto e libro dixital.
Fichas e cadernos.

10.- ÁREA DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

10.1.-Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis

A continuación, situaremos os elementos curriculares nunha táboa para poder establecer unha relación visual entre eles.

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

B1.1. Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.	B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
		LGB1.1.2. Reconece a función dos medios de comunicación como fonte de información.
B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.	B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
B4.3. Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte, os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...	B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
		CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.
B4.4. O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.	B4.4. Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.	CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.
B4.5. Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.	B4.5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	CSB4.5.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.
		CSB4.5.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.

11.2.2.-Perfil competencial

No seguinte recadro, podemos comprobar que competencias están vinculadas a cada un dos estándares do currículo, polo que facilmente poderíamos cualificar cada unha delas

de forma absolutamente independente.

Separadas por bloques de contidos, en cada un dos ciclos aparecen como filas os estándares e, como columnas, cada unha das 7 competencias. Márcase con (x), cando a competencia sinalada está implícita nese estándar.

Nomenclatura:

- CCL: Competencia en comunicación lingüística
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CAA: Competencia para aprender a aprender
- CD: Competencia dixital
- CCEC: Conciencia e expresións culturais
- CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCCT	CSIEE
CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	X		X	X		X	
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.		X	X				X
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.		X	X				

CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.			X				
CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.	X	X				X	
TOTAL	2	3	4	1		2	1

BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCCT	CSIEE
CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	X			X		X	
CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.		X					
CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.			X	X		X	
CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	X	X				X	
CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na	X					X	

aula.							
CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.						X	
CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	X					X	
CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.		X				X	
CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	X					X	
CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	X					X	
CSB2.8.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.			X			X	X
TOTAL	6	3	2	2		10	1

BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCCT	CSIEE
CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas	X	X					

formas de goberno e diferenza entre que é unha localidade e un municipio.							
CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	X	X					
CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.	X	X					
CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.		X					
CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,...propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	X	X			X		
CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	X	X					
CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á	X	X					

poboación.							
CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos		X	X				
CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	X	X	X				
CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.		X					
TOTAL	7	10	2		1		

BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCCT	CSIEE
CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	X					X	
CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.			X			X	
CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.		X				X	
CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na	X	X				X	

escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.							
CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.		X			X		
CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.	X	X					
CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.		X			X		
TOTAL	3	5	1		2	4	

11.3.- MÍNIMOS ESIXIBLES NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS

CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións	
CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde	
CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto	
CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	
CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	
CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	

CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	
CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	
CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	
CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	
CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	
CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	
CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	
CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	

11.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A EMPREGAR NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E DA NATUREZA

Para esta área consideramos como recursos máis axeitados :

- Internet.
- Laboratorio:Esqueleto e Home Clástico.Sistema Solar.
- Debuxos, fotografías, películas, carteis, videos.
- Pizarra dixital.
- Sementes e utensilios para a plantación.
- Mapas e globo terráqueo.
- Fichas e cadernos.
- Libros de texto e dixitais.

- Maqueta Sistema Solar.
- Mapas e Globo Terráqueo.
- Utilizaremos as TIC como fontes informativas (internet, enciclopedias e dictionarios dixitais, Webquest...).
- Libros de texto e dixitais.
- Fichas e cadernos.

12.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

12.1.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

A área de Educación física contribúe esencialmente ao desenvolvemento desta competencia, mediante a percepción e a interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou en repouso, nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices. Contribúese tamén mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde. Esta área é clave para que os nenos e as nenas adquiran hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física que os acompañen durante a escolaridade e o que é máis importante, ao longo da vida.

Na sociedade actual que progresa cara á optimización do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica da actividade física, pero sobre todo a súa aprendizaxe e valoración como medio de equilibrio psicofísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de lecer.

12.1.1.-DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

As características da Educación física, sobre todo as relativas ao contorno no que se desenvolve a dinámica das clases, fan que sexa propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, ademais de contribuír ao desenvolvemento da cooperación e da solidariedade.

A Educación física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración e aceptación de regras para o funcionamento colectivo, desde o respecto pola autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferenzas así como as posibilidades e limitacións propias e alleas. O cumprimento das normas que rexen os xogos colabora na aceptación de códigos de conduta para a convivencia. As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución. Finalmente, cabe destacar que se contribúe a coñecer a riqueza cultural, mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

12.1.2.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia cultural e artística.

Á expresión de ideas, ou sentimentos, de forma creativa contribúe mediante a exploración e a utilización das posibilidades e de recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e á comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, a través do recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales coma os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

Noutro sentido, a área favorece un achegamento ao fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou noutras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A Educación física axuda á consecución desta competencia na medida en que axuda a que os alumnos deban tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva, Tamén o fai, se se lle dá protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

Competencia de aprender a aprender.

Contribúese mediante o coñecemento dun mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motora, mediante o desenvolvemento dun repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Isto permite o establecemento de metas alcanzables e a súa consecución provoca autoconfianza. Ao mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación.

Competencia dixital.

Por outro lado, esta área colabora, desde idades temperás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Desde esta perspectiva contribúese en certa medida á competencia sobre o tratamento da información.

Competencia en comunicación lingüística.

A área tamén contribúe, como o resto das aprendizaxes, á adquisición desta competencia, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que a área achega.

12.2.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
- Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolve-las e enriquecelas en función das relacións cos demais e a contorna.
- Consolidar a lateralidade.
- Valorar o propio corpo e a actividade física.
- Desenvolver as posibilidades de control na postura e respiratorio.

- Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exercicio físico saudables.
- Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes.
- Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
- Sincronizar o movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas, individual e colectivamente.
- Desenvolver a destreza visio-manual.
- Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
- Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.
- Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
- Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.
- Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.
- Desenvolver a creatividade interpretativa mediante a actividade física e a expresión corporal.
- Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.
- .Mostrar a desinhibición e a seguridade en si mesmo, necesarias para expresarse corporalmente.
- Practicar ritmos e bailes populares dissociando diferentes segmentos corporais.
- Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e as regras que os rexen.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
- Aceptar con agrado o papel que lle corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
- Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.
- . Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

12.3.-SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

1.- Contidos común.

- Valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación do contorno.
- Educación Vial.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo.
- Aceptación das regras establecidas.
- Desenvolvemento da iniciativa individual.
- Desenvolvemento de hábitos de esforzo.
- Actitudes positivas.

- Confianza.
- Uso adecuado dos materiais e espazos.
- Integración das tecnoloxías da información e comunicación.

2.- O corpo: imaxe e percepción

- O esquema corporal global e segmentario.
- Control e medida do crecemento.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Condutas motrices de base: control postural, equilibrio, ton, respiración e relaxación.
- Condutas neuromotrices: lateralidade respecto aos outros e aos obxectos, sincinesias e paratonías.
- Condutas perceptomotrices: relacións espaciais: sentido e dirección, orientación e simetrías cos demais; e relacións temporais: velocidade, ritmo, duración e secuencia.
- Independencia dos membros superiores e inferiores do eixe corporal.
- Posibilidades corporais: expresivas e motoras.
- O coidado do corpo: materiais e procedementos de hixiene corporal e rutinas relacionadas coa actividade física (quentamento e relaxación).
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.
- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Eixes e planos corporais.
- Simetría corporal.
- Descubrimento de posibilidades corporais motoras.
- Coordinación de movementos.
- Ritmo e movemento.
- O coidado do corpo: a alimentación.
- Xogos e deportes saudables.

3. Habilidades motrices

- Capacidades básicas.
- Posibilidades e formas de movementos: carreira, salto, xiro, etc.
- Calidade de movementos.
- Competencia motora global e segmentaria: aptitude (coordinacións) e habilidade (uso de capacidades básicas).
- Mellora das cualidades físicas básicas orientada á execución motriz.
- Perfeccionamento de habilidades básicas.
- Combinación de habilidades.
- Mellora das cualidades físicas básicas orientada á execución motora.
- Destrezas: os predeportes.

4. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo como medio de comunicación (comprensión e expresión): xesto, movemento, mímica, danza e dramatización.
- Ritmo e movemento (compás binario e de catro tempos).

- Calidade do movemento. Tempo, peso e espazo.
- Relación da linguaxe corporal con outras linguaxes.
- Expresión corporal activa e pasiva.
- Expresión persoal.
- Posibilidades corporais expresivas.
- Posturas expresiva.
- Posibilidades corporais expresivas.
- Recreación de personaxes reais e ficticios nos seus contextos dramáticos.

5. Actividade física e saúde

- Exercicio e saúde.
- Actividade física no medio natural.
- Materiais necesarios para as actividades físicas na natureza.
- Alimentación e exercicio físico.
- Actividade física para unha vida saudable.
- O sedentarismo.
- O coidado da postura na actividade física.
- A tensión na actividade física e a volta á calma.
- Detección do risco e valoración das propias posibilidades na práctica de actividades físicas.
- Medidas básicas de seguridade e de prevención de accidentes na práctica da actividade física.
- Exercicio e saúde.

6. Xogos e actividades deportivas

- Xogo libre e xogo organizado.
- Factores do xogo: espazo, movemento e regras.
- Xogos que se practican no colexio.
- Xogos populares tradicionais.
- O respecto das normas e as regras como elemento preventivo de lesións.
- Xogos de habilidade.
- O xogo limpo.
- O xogo como forma de relación social.
- A cooperación no xogo.
- Materiais para xogar.
- Obxectivos do xogo: coñecemento das posibilidades corporais, desenvolvemento de capacidades e habilidades, aprendizaxe dos valores da cooperación e do traballo en equipo, elaboración e adaptación de normas, etc.
- Xogos tradicionais.
- Predeportes.

12.4 .- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Consolidar e empregar as distintas partes do corpo
- Automatizar hábitos hixiénicos propios da área.
- Identificar as medidas de seguridade básicas na área.
- Coñecer e reproducir movementos e estruturas rítmicas corporais.
- Desprazarse adecuadamente polos diferentes espazos.

- Aumentar a destreza nos xiros, saltos e carreiras.
- Continuar a iniciación nos lanzamentos , recepcións e botes.
- Participar con esforzo e interese nas actividades, aceptando os compañeiros e prescindindo dos resultados.
- Coñecer e empregar os materiais e espazos propios da área.
- Mellorar a coordinación e o equilibrio nos movementos.
- Coñecer a importancia do funcionamento do aparato cardiovascular e respiratorio na actividade física.

12.5.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do seu corpo.
- Utiliza os hábitos hixiénicos específicos da actividade física.
- Adopta medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Sincroniza os seus movementos corporais coas circunstancias dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve.
- Reproduce estruturas rítmicas, dissociando diferentes segmentos corporais.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade, os desprazamentos en carreira, realizando unha boa posta en acción, cambios de dirección, velocidade de execución, etc.
- Disocia os segmentos superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Coordina axeitadamente os xiros, carreiras e saltos na actividade física.
- Reacciona diante das instrucións auditivas ou visuais que recibe, empregando o movemento e os xestos.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión en distancias curtas e sobre obxectivos estáticos ou dinámicos.
- Bota balóns alternando as mans ao tempo que se despraza por un espazo con obstáculos.
- Toma parte con interese en calquera tipo de xogo, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros na marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
- Coñece diferentes actividades físicas regradas e axuda a organizalas, co material necesario para a súa práctica.
- Utiliza de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Prescinde dos resultados que se produzan nos diferentes xogos e competicións, dando maior importancia ao feito de participar, aceptando a todos os que toman parte.
- Coordina o movemento con diferentes ritmos.
- Utiliza o xesto e o movemento para a comunicación e a representación.
- Comprende a actividade do corazón e dos pulmóns e comproba o seu funcionamento en relación co exercicio físico.
- Coñece as diferenzas entre equilibrio estático e equilibrio dinámico, e a forma de manter o seu equilibrio dependendo dos puntos de apoio que utilice.

12.6.-MÍNIMOS ESIXIBLES DA ÁREA DE E.F.

- Coñecemento do seu corpo.
- Mellora dos hábitos motrices básicos.
- Aumento da coordinación xeral.
- Desenvolver hábitos de saúde relacionados coa nutrición, os órganos dos sentidos, a hixiene, o coidado do corpo, destacando a importancia do deporte para o benestar persoal e social.
- Fomento da relación humana entre compañeiros e compañeiras.

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

- Nivel básico de predeportes.
- Relación da E.F. co medio ambiente.

12.7.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A EMPREGAR NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Para esta área consideramos como recursos máis axeitados :

- Material deportivo e de Educación física e Deportes(Variedade de pelotas, aros, cordas...)
- Instalacións deportivas.
- Debuxos, fotografías, películas, carteis, videos.
- Pizarra dixital.
- Utilizaremos as TIC como fontes informativas (internet, encursopedias e dicionarios dixitais, webquest...).
- Fichas e cadernos.

13.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA

13.1.-MÚSICA

13.2.-EDUCACIÓN PLÁSTICA

13.2.1.- OBXECTIVOS,CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). ▪ B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos. ▪ B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística. ▪ B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto. ▪ B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. ▪ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. ▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. ▪ B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. ▪ EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.
---	--	---

<p>sobre diversos soportes.</p>	<p>elementos que configuran a linguaxe visual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. ▪ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. ▪ EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. ▪ EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. ▪ B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. ▪ EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). ▪ B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. ▪ EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. ▪ EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. ▪ EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. ▪ B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. ▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

13.3.- NIVEIS MINIMOS ESIXIBLES NA EDUCACIÓN PLÁSTICA

EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades	
EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	
EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	
EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes	
EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas	

13.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para esta área consideramos como recursos máis axeitados:

- Debuxos, fotografías, películas, carteis, videos, murais artísticos.
- Pizarra dixital.
- Utilizaremos as TIC como fontes informativas (internet, enciclopedias e dicionarios dixitais, webquest...).
- Enciclopedias temáticas (arte,música).
- Fichas e cadernos.
- Material para plástica:rotuladores ,lapis de cores,punzóns, ceras,acuarelas,tesoiras,pegamentos,plastilina.

14.- LINGUA ESTRANXEIRA

14.1.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia para aprender a aprender.

A linguaxe é o principal vehículo do pensamento humano, a ferramenta máis potente para a interpretación e a representación da realidade e o instrumento de aprendizaxe por excelencia, de aí que a área, na medida en que contribúe á mellora da capacidade comunicativa xeral, faino tamén á competencia para aprender a aprender. Non obstante, a súa maior contribución radica en que á aprendizaxe dunha lingua estranxeira dá un enorme rendemento se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Esa é a razón da introdución no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Pola súa parte, as decisións que provoca a reflexión antes mencionada favorecen a autonomía e, neste sentido, pódese afirmar que a lingua estranxeira contribúe tamén ao desenvolvemento desta competencia.

Tratamento da información e da competencia dixital.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizándoa. E, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As linguas sêrvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desa lingua. Esta aprendizaxe, ben orientada desde a escola, debe traducirse tanto na capacidade coma no interese por coñecer outras culturas e por relacionarse con outras persoas, falantes ou aprendices desa lingua. Ao mesmo tempo, o coñecemento doutra lingua e de trazos culturais diferentes aos propios contribúe á mellor comprensión e valoración da propia lingua e cultura e favorece o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, favorece a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Conciencia e expresións culturais.

Por último, e aínda que en menor medida, esta área colabora no desenvolvemento da Conciencia e expresións culturais se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen producións lingüísticas con compoñente cultural.

14.2- OBXECTIVOS

A ensinanza da Lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1 Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
 - Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
 - Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
 - Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
 - Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
 - Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
 - Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara ás mesmas.
 - Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
 - Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

14.3.-OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO NA ÁREA DE LÍNGUA EXTRANXEIRA

O currículo básico establece que a Lingua estranxeira no segundo curso contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- b) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- c) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- d) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

14.4.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DE LÍNGUA EXTRANXEIRA

Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual: comprensión e produción de textos orais, comprensión e produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

- Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).

- Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.

- Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.

- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.

- Participación con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.

- Emprego da lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.
- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.
- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.
- Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
- Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.
- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de materiais variados.

Funcións comunicativas:

- Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).
- Identificación e seguimento de instrucións.
- Expresión do que lle gusta e non lle gusta.
- Identificación das partes do corpo e da cara.
- Identificación dos membros da familia próximos.

- Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.
- Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.

14.5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o segundo curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.
- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.
- Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.
- Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

▪ Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (*and/or*).
- Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.
- Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.
- Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

